

[CAMPAÑA DE NAIS E PAIS CONSCIENTES]

PACTO DE FAMILIAS

**para retrasar a entrega
do primeiro smartphone**

Non se trata de estar contra a tecnoloxía.
Trátase de non ter présa. Queremos que cada familia
poida decidir cando dar este paso sen sentirse
condicionada pola presión social e favorecer un acceso
progresivo, responsable e acompañado á tecnoloxía



Estratexia de Saúde do Concello de Burela



Que propón a Estratexia de Saúde do Concello de Burela en relación ao movemento adolescencia libre de móbiles?

A nosa proposta é facer difusión do movemento 'Adolescencia libre de móbiles' entre as familias do Concello para que se unan o maior número de fogares.

Actualmente, a presión social é moi forte e obríganos a entregar un dispositivo antes do que queremos. Cremos que, uníndonos, será máis doado tomar a decisión de esperar.

Este pacto simbólico e ético está a moverse e ofrecendo co único fin de loitar contra a presión social e axudar aos menores, para evitar que se sentan sós e apartados cando tomamos a decisión consciente de non darlle un móbil intelixente/smartphone ou dispositivo conectado a internet de peto.

Obxectivos:

1. Atrasar a idade de entrega do primeiro smartphone e apostar por móbiles analóxicos entre os 13 e os 16 anos
2. Concienciar ás familias e empoderalas para atrasar a devandita idade
3. Fomentar un uso saudable e consciente das aplicacións
4. Esixir protección á infancia fronte aos riscos da internet como problema de saúde pública
5. Xerar conciencia crítica para que se regule o uso de dispositivos móbiles privados e pantallas no ámbito escolar
6. Solicitar unha regulación que protexa aos menores de idade de aplicacións, redes sociais e contido inapropiado